



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 14 de xullo de 2010
HORA DE COMEZO: 20:30 horas
HORA DE REMATE: 21:30 horas.

ASISTENTES:

D^a. Adela Redondo Rendo
D. Manuel Mouriño Varela
D. Jesús Sanjuás Mera
D. Jesús J. Santasmarinas Devesa
D. José M^a Fernández Vázquez
D^a. Dolores García Couto
D. José Antonio Becerra Rodríguez
D. José Viaño Rey
D. Perfecto Barcala Mosquera
D. Juan Neira Moure

AUSENTES:

D. Adolfo Gacio Vázquez

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde en funcións D. Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Ratificación decreto de alcaldía sobre modificación de retribucións dos cargos electos.**
- 3. Adaptación PXOM á normativa vixente (Lei 2/2010 de 25 de marzo)**
- 4. Arquivo da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento sobre uso agropecuario nos solos non urbanizables.**
- 5. Aprobación conta xeral 2009.**

6. **Corrección erros nos convenios aprobados nas sesión plenarias celebradas o 19 de abril e o 12 de maio de 2010 (abastecemento auga)**
7. **Moción do grupo popular relativa á modificación da normativa vixente en relación co 1 % cultural.**
8. **Moción do grupo popular relativo á suba eléctrica.**
9. **Moción do grupo popular relativo ós salarios de cargos electos e altos cargos.**
10. **Información alcaldía.**
11. **Rogos e preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Apróbase a acta da sesión celebrada o día 12 de maio de 2010.

2.Ratificación decreto de alcaldía sobre modificación de retribucións dos cargos electos.

Dase conta do decreto de data 18 de xuño de 2010 polo que se reducen as retribucións dos cargos electos.

Sen máis , cos votos a favor de todos os presentes acórdase ratificar a seguinte Resolución que se transcribe :

O pleno da corporación na sesión celebrada o día 21/06/2007 acordou aprobar as indemnizacións dos concelleiros pola asistencia ós órganos colexiados, tal como se indica:

- Plenos, Xuntas de Goberno, Comisións de Contas e Mesas de Contratacións-120,00 €/sesión.
- Xuntanzas de delegados-60,00 €/sesión.

O pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 11 de novembro de 2009 acordou aprobar a dedicación exclusiva e remuneración do concelleiro don Jesús Sanjuás Mera, tal como se indica:

- Salario bruto anual: 31.200,40 € en 14 pagas.
- Seguridade Social: 10.234,20 €.

A actual situación de crise económica obriga a todas as administración a cumprir importantes esforzos na contención do gasto, motivo polo que o concello, seguindo as pautas establecidas tanto polo goberno central coma pola FEMP, debe proceder coa redución que a continuación se estable, polo que,

RESOLVO:

1.-Establecer una redución do 6% nas retribucións totais do concelleiro don Jesús Sanjuás Mera, quedando polo tanto como sigue:

Retribución total anual: 29.328,32 € en 14 pagas.
Dita redución será aplicable a partir deste mes de xuño inclusive.

2.-As indemnizacións dos órganos colexiados serán as seguintes:
-Plenos, Xuntas de Goberno, Mesas de Contracción e Comisións de Contas- 100,00 €.
-Xuntas de delegados-50,00 €.

Boqueixón, 18 de xuño de 2010.

3.Adaptación PXOM á normativa vixente (Lei 2/2010 de 25 de marzo)

O Pleno da corporación en sesión celebrada o día 19 de abril de 2010, aprobou inicialmente o plan xeral de ordenación municipal, sometelo a exposición pública durante dous meses, solicitar os correspondentes informes e suspender as licenzas.

O 21 de abril de 2010 entrou en vigor a Lei 2/2010 do 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A disposición transitoria primeira desta lei, relativa aos plans en tramitación , establece que os plans aprobados inicialmente antes da entrada en vigor da referida lei poderán adaptarse integramente ou continuar a súa tramitación de acordo coa antiga Lei 9/2002 de 30 de decembro, aínda que as súas determinacións deberán adaptarse plenamente a esta nova lei.

A simple adaptación non implicará a necesidade de sometelo a nova información pública, agás cando se pretendan introducir modificacións substanciais.

O planeamento xeral aprobado na sesión plenaria do 19 de abril de 2010, ten que ser adaptado á nova lexislación, e estas adaptacións afectan , entre outros, á clasificación do solo de núcleo rural o cal se consideran modificacións substanciais.

Por este motivo, e tendo en conta que o plan xeral está confeccionado e unicamente se deben efectuar as pertinentes adaptacións, en cumprimento dos principios de eficacia, economía e eficiencia polas que se deben conseguir os obxectivos propostos cos menores recursos posibles e ao menor custo viable, non procede iniciar un novo procedemento para a tramitación do PXOM. Senón que, se parte da aprobación inicial xa efectuada, para adaptar o plan á nova lexislación, non se publica ata que esta adaptación se efectúe e logo da aprobación polo pleno será cando se expoña ao público e se soliciten os correspondentes informes sectoriais.

Sen embargo, si procede suspender a concesión de licenzas posto que a mera aprobación inicial dun plan implica a súa suspensión.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra dos do P.S. de G. acórdase :

1. Adaptar o plan xeral de ordenación municipal inicialmente aprobado na sesión plenaria celebrada o 19 de abril de 2010, á Lei 2/2010 do 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
2. Non sometelo ao trámite de exposición pública ata completar a adaptación anteriormente citada no apartado 1 e a correspondente aprobación
3. Non solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais necesarios, ata completar e aprobar as adaptacións á lei.
4. Manter a suspensión de licenzas tal como se indica no informe técnico que a continuación se transcribe literalmente, e que substitúe ao acordado con data de 19 de abril de 2010 en canto á suspensión de licenzas :

“ En base ó disposto no artigo 85.2 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións (en adiante LOUPMRG) o Pleno do Concello de Boqueixón en data de 19 de abril de 2010 aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal

Segundo disposto no artigo 77.2 da devandita lexislación “O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión”.

A petición do concello de Boqueixón elabórase o presente informe para dictaminar as zonas nas que é de aplicación a suspensión de licencias derivada da aprobación inicial do PXOM.

Exclúense do presente informe as licencias para obras de mantemento, conservación e seguridade que poderán levarse a cabo en calquera tipo de construción, independentemente da súa consideración e as de instalacións provisionais facilmente desmontables que se regularán pola normativa vixente (NN.SS. Municipais e LOUPMRG).

A teor do disposto no referido artigo a suspensión de licencias terá entre outras finalidades a de non inviabilizar a execución do novo planeamento que se está a tramitar. Así deberá analizarse a coherencia entre as determinacións do novo planeamento (PXOM) e do planeamento vixente (NN.SS. de planeamento municipal)

1.- OBRAS DE NOVA EDIFICACIÓN, SEGREGACIÓN E PARCELACIÓN.

1.1.- RESPECTO DO NOVO PLANEAMENTO

De cara a non inviabilizar o novo planeamento (PXOM) suspenderanse todo tipo de licencias nos ámbitos de execución e xestión previstos neste, é dicir, nos ámbitos cualificados como sistema xeral programado e en todos os ámbitos pendentes de xestión, nomeadamente o solo urbanizable delimitado en non delimitado e o solo urbano non consolidado. Estes ámbitos do novo PXOM son os seguintes:

- *Ámbito do Sistema Xeral vinculado á Liña de Alta Velocidade Ferroviaria.*
- *Parque da Igrexa ZVX-3*
- *Parque do Forte ZVX-4*
- *Parque en Camporrapado ZVX-5*
- *Parque do Ulla ZVX-2*

- *Ampliación do Campo da Feira ELX-3*
- *Solos Urbanizables Delimitados SL-01, SL-02, SL-03 e SL-04 en Lestedo*
- *Solos Urbanizables Delimitados SF-01 e SF-02 en Forte*
- *Solo Urbanizable Delimitado SC-01 en Camporrapado*
- *Solo Urbanizable Non Delimitado UND-01 en Sergude*
- *Solos Urbanizables Non Delimitados UND-02 e UND-03 en Lestedo*
- *Solos Urbanizables UND-04 e UND-05 en Camporrapado*
- *Solos Urbanos Non Consolidados PL-01 e PL-02 en Lestedo-Ramil*

Mención aparte merecen os solos urbanizables SS-01 e SS-02. O primeiro deles trátase dun solo urbanizable en situación transitoria, con Plan de Sectorización e Proxecto de Equidistribución aprobados definitivamente, que o novo PXOM asume na súa totalidade. Tendo en conta o anterior neste ámbito non se suspenderán licencias regulándose a concesión destas pola propia normativa do Plan de Sectorización aprobado definitivamente. O SS-02 é un sector de solo urbanizable que deriva dunha modificación puntual que se está a tramitar e que o PXOM tamén asume na súa totalidade. Á vista disto enténdense que tampouco neste ámbito será efectiva a suspensión de licencias quedando pendentes estas da conclusión da tramitación dos correspondentes documentos (aprobación definitiva da modificación puntual, do proxecto de equidistribución e do proxecto de urbanización)

1.2.- RESPECTO DO PLANEAMENTO VIXENTE

A suspensión de licencias deberá tomar como referencia as clasificación e cualificación das Normas Subsidiarias Municipais vixentes. Estas contemplan as seguintes clasificacións de solo:

Solo Urbano, SU

Solo Apto para Urbanizar, SAU

Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural.

Solo Non Urbanizable nas categorías de Común, de Protección Agropecuaria, de Protección Forestal, de Protección de Cauces, de Protección de Espazos Naturais e de Protección do Patrimonio.

1.2.1.- SOLO URBANO

A delimitación do Solo Urbano das vixentes Normas Subsidiarias Municipais de Lestedo, Forte e Camporrapado mantense case na súa totalidade ou nalgún dos casos amplíase (en pequenos ámbitos redúcese). Nos ámbitos nos que se reduce ou se amplía a delimitación do solo urbano deberán suspenderse licencias por variacións na clasificacións entre as NN.SS. e o novo PXOM. Nas zonas nas que non se produce ningún cambio de clasificación a suspensión de licencias tan so deberá abarcar a posible modificacións de aspectos normativos pero non de cambio de réxime. No solo urbano fíxanse as seguintes ordenanzas:

Ordenanza 1: de mazá pechada nas súas variedades de A e B.

Ordenanza 2: de mazá pechada.

Ordenanza 3: de bloque illado ou vivenda unifamiliar adosada.

Ordenanza 4: cidade xardín, vivenda unifamiliar illada ou pareada.

Ordenanza 5: cidade xardín, vivenda unifamiliar illada.

Ordenanza 6: Bloque (B+3).

Ordenanza 7: Industrial.

Ordenanza 8: Edificación existente.

Na zona de Ordenanza 1 coa categoría A e B e Ordenanza 2 o novo PXOM mantén as mesmas determinacións tipolóxicas e de ordenación previstas polas NN.SS. En base ó anterior estas zonas non se atoparían afectadas pola suspensión de licencias. Se existisen contradicións en aspectos puntuais entre a ordenanza vixente e a proposta polo novo PXOM esta resolveríase considerando de aplicación a norma máis restrictiva.

A zona de Ordenanza 3 tan so é de aplicación en certas zonas so solo urbano de Lestedo e Camporrapado. Nesta zona a ordenanza vixente permite a construción de dúas tipoloxías diferentes: a vivenda unifamiliar adosada e o bloque illado. Tendo en conta que no PXOM tan so permite a tipoloxía de residencial colectiva en edificación aberta deberán suspenderse licencias por modificacións da tipoloxía.

As ordenanzas 4 e 5 refírense a tipoloxías de vivenda unifamiliar, coincidentes coas previstas polo PXOM. Tendo en conta isto nas zonas nas que a cualificación de solo urbano corresponda a tipoloxía de vivenda unifamiliar tanto nas NN.SS. como no PXOM non se suspenderán licencias debendo cumprir as edificación cos aspectos máis restrictivos de aplicación en cada unha das normativas.

As ordenanzas 6, 7, e 8 corresponden con situacións existentes que as NN.SS. pretenden exclusivamente recoñecer e ás que o PXOM en base a normativa vixente lles outorga outro tipo de ordenación. Tendo en conta isto nestes ámbitos suspenderanse licencias por condicións diferentes no ordenamento previsto.

1.2.2.- SOLO APTO PARA URBANIZAR

Solo Apto Para Urbanizar: Suspenderanse licencias en todo o solo apto para urbanizar excepto no ámbito do SAUI-1 que se atopa totalmente desenvolvido, podéndose conceder estas ó amparo da normativa do Plan Parcial que o PXOM asume. Asemade o SAUI-2 regularase polo disposto no apartado 1 do presente informe ó respecto do ámbito SS-01

1.2.3.- SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL

A delimitación do solo non urbanizable dos núcleos rurais das vixentes Normas Subsidiarias Municipais mantense na maior parte das ocasións, redúcese nalgunhas e en moitos casos amplíase. Segundo o disposto na disposición transitoria primeira da LOUPMRG “Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, ou clasificado como solo de núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”. Tendo en conta que se mantén o réxime do solo vixente, pois xa a día de hoxe resulta de aplicación esta disposición transitoria, a suspensión de licencias neste ámbito so derivará de cuestións normativas e non de cambio de réxime salvo naquelas zonas nas que se produce unha redución do núcleo rural nas que deberán suspenderse as licencias.

Polo que respecta á ordenación compre subliñar que no planeamento vixente tan so se contempla unha ordenanza de aplicación nestes ámbitos. A ordenación prevista en cuestión de usos e tipoloxía coincide coas prescricións legais vixentes, sendo polo tanto de aplicación as máis limitativas impostas pola LOUPMRG tanto nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes como no PXOM aprobado inicialmente. Tendo en

conta o anterior a modificación da ordenación urbanística vixente refírese fundamentalmente ós parámetros volumétricos e de posición. Posto que nos dous planeamentos (NN.SS. Municipais e PXOM) se refiren a parámetros máximos ou mínimos pero non absolutos enténdese que resulta factible dar cumprimento ós dous planeamentos simultaneamente simplemente contemplando os aspectos máis restrictivos de cada un deles.

Como conclusión pódese establecer como límite da suspensión de licencias nos ámbitos de solo non urbanizable de núcleo rural das NN.SS. vixentes o cumprimento simultáneo dos dous planeamentos (NN.SS. e PXOM) nos seus aspectos máis restrictivos sempre e cando se manteña a clasificación de solo.

1.2.4.- SOLO NON URBANIZABLE COMÚN OU PROTEXIDO

No solo non urbanizable no concello de Boqueixón, resulta de aplicación íntegra o disposto na LOUPMRG en base á disposición transitoria primeira desta, salvo maiores limitacións das NN.SS. Tendo en conta que o novo PXOM non impón condicións máis limitativas que as da propia LOUPMRG, non se suspenderán licencias no solo non urbanizable sempre que se cumpra o preceptuado nela e as maiores limitacións impostas polas NN.SS.

Non obstante suspenderanse licencias naqueles ámbitos clasificados nas NN.SS. como solo non urbanizable común ou protexido e que cambien a súa clasificación a solo urbano, urbanizable ou solo de núcleo rural nas súas dúas variedades de núcleo tradicional ou área de expansión.

1.2.5.- SOLO AFECTO A DOTACIÓNS DE USO PÚBLICO

Nas zonas cualificadas como equipamento nas NN.SS. municipais, nas súas variedades de Docentes (D), Religioso e Cemiterios (RC), Deportivos (DEP), Espacios Libres (EL), Sociocultural (SC), Reserva de Equipamentos (E), Sanitarios (S) e Servizos Urbanos (SER) non se suspenderán licenzas sempre que se poida dar cumprimento ás condicións máis restrictivas impostas ou polo PXOM e polas NN.SS. municipais.

2.- OBRAS NAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES E OBRAS DE DEMOLICIÓ. N.

2.1.- OBRAS NAS EDIFICACIÓNS

As obras nas edificacións ubicadas en zonas nas que non se suspenden as licencias rexeranse polo disposto para as obras permitidas polas ordenanzas de aplicación, segundo as especificacións dos apartados anteriores en función da clase de solo.

Nas edificacións existentes nos ámbitos reseñados no punto 1.1. do presente informe tan so se poderán levar a cabo obras de conservación e seguridade que ademais non supoñan un aumento do valor da edificación.

No resto das edificacións non contempladas nos apartados anteriores poderanse acometer todo tipo de obras que non supoñan un aumento do volume legalmente executado na parcela e que non vulneren as condicións da licenza outorgada no seu día.

2.2.- DEMOLICIÓNS

Permítense todo tipo de demolicións en calquera clase de solo salvo aquelas prohibidas pola lexislación urbanística vixente así como daqueles elementos que figuran no catálogo das NN.SS. e do PXOM.

Santiago, a 8 de xullo de 2010

*Asdo.: Isidro López Yáñez
Arquitecto do equipo redactor do PXOM de Boqueixón*

4.Arquivo da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento sobre uso agropecuario nos solos non urbanizables.

O pleno da corporación en sesión celebrada o 13 /01 /2010, acordou aprobar inicialmente a modificación puntual das normas subsidiarias municipais, para a regulación do uso agropecuario nos solos non urbanizables.

Con data 26 de maio de 2010, rexistro nº 10 / 1314 ten entrada no concello a resolución da secretaría xeral de ordenación do territorio e urbanismo, pola que se procede a arquivar as actuacións realizadas, relativas a referida modificación puntual, como consecuencia da entrada en vigor de lei 2/2010 de 25 de marzo.

Sen máis e cos votos a favor dos presentes, acórdase :

Arquivar o expediente tramitado para a modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento pola desaparición sobrevida do obxecto que constituía o fundamento da modificación proposta, coa entrada en vigor da Lei 2 / 2010 do 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9 / 2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

5.Aprobación conta xeral 2009.

Confeccionada a conta xeral correspondente ao exercicio 2009, cun resultado presupostario e remanente de tesourería positivos de 2.605,93 € e 15.317 € , respectivamente, informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na súa reunión do 26 de maio de 2010.

Únese á referida conta o preceptivo informe económico da secretaria – interventora do concello, así como o resultado da súa exposición pública no BOP número 103, do 3/06/2010, durante o cal non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións contra a mesma.

Por todo elo, propono ao pleno da corporación a aprobación da referida conta xeral do ano 2009, e a súa posterior remisión, dentro dos prazos regulamentarios, aos órganos fiscalizadores correspondentes : Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do P.P. e en contra do P.S. de G., apróbese a conta xeral do ano 2009.

6.Corrección erros nos convenios aprobados nas sesión plenarias celebradas o 19 de abril e o 12 de maio de 2010 (abastecemento auga)

Na sesión plenaria do día 19 de abril de 2010 , aprobáronse os convenios de subministros de auga entre os concellos de Boqueixón e Vila de Cruces e Santiago de Compostela (Lavacolla).

Na sesión plenaria do 12 de maio de 2010 aprobouse o convenio de subministro de auga entre o concellos de Boqueixón e o concello de Santiago de Compostela , para a zona de Marrozos.

Nos exponendos 8 onde pon artigo “ artigo 3 do RDL 2/2000 que aproba a Lei de contratos das administración públicas” debe poñer “ artigo 4 apdo 1.c) da Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público” , e nas cláusulas 6 onde pon “ os principios do RDL 2/2000 (texto refundido da Lei de contratos das administración públicas”) debe poñer “ principios da Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público”.

Por outro lado e previa solicitude do concello de Vila de Cruces, na cláusula número 4 apartado d) debe engadirse o seguinte :

“ As facturacións realizaranse directamente pola concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable Espina y Delfín ou ben pola concesionaria que resulte adjudicataria no seu momento ou polo concello de Boqueixón, no caso de que prestase o servizo directamente. Desta forma a concesionaria do concello de Boqueixón xirará a factura correspondente ó trimestre vencido, unha vez efectuado o abastecemento de auga potable.”

Por todo o cal, cos votos a favor de todos os presentes, acórdase proceder coas referidas rectificacións de erros.

7.Moción do grupo popular relativa á modificación da normativa vixente en relación co 1 % cultural.

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei do Patrimonio Histórico establece a obriga de destinar nos contratos de obras públicas unha partida de polo menos o 1 % a traballos de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico España ou ó fomento da creatividade artística, con preferencia na propia obra ou no seu inmediato contorno.

Estes traballos realízanse a través de proxectos que poden presentar tanto as Administracións como as Universidades Públicas, polo que todos os concellos poden concorrer a esta financiación.

En reiteradas ocasións desde a FEMP solicitouse formalmente ó Ministerio de Cultura a incorporación de representantes das entidades locais na Comisión encargada de coordinar este un por cento cultural e de aprobar as actuacións que se van a realizar, xa que pese ao recoñecemento establecido o artigo 6 do Real Decreto polo que se crea dita Comisión, sobre a necesidade de colaborar coas entidades locais para levar a cabo actuacións conxuntas, o artigo 3, relativo á composición da Comisión, non contempla a participación de membros das entidades locais na mesma.

Para posibilitar que dita demanda se vexa finalmente materializada e a proposta da Comisión de Cultura da FEMP, é conveniente que se aprobe esta moción solicitando que se modifique a normativa vixente en relación coa coordinación do un por cen cultural, para que nas respectivas comisións técnicas e políticas se incorporen representantes das entidades locais designadas pola FEMP.

A participación de representantes locais na Comisión Interministerial permitirá unha mellor defensa dos intereses das entidades locais, respecto a importantes decisións que se plantexan no seo da Comisión, como a adoptada no seu día referida á supresión da posibilidade de incluír como custo a redacción do proxecto, coa dificultade que elo conleva para os concellos, tal e como puxo de manifesto a Comisión do Patrimonio Histórico – Cultural da FEMP.

Por todo isto o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo :

- Instar aos parlamentarios nacionais dos distintos grupos a impulsar a modificación da normativa vixente en relación coa coordinación do un por cento cultural, solicitando que a dita Comisión Interministerial e ós seus Grupos de Traballo incorporen representantes das entidades locais, designados pola FEMP.

Cos votos a favor do P.P. e en contra do P.S.de G. apróbase esta moción.

8.Moción do grupo popular relativo á suba eléctrica.

O grupo municipal popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais presenta ante o pleno da corporación municipal esta moción, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, prepara unha nova suba eléctrica despois de ter encarecido en máis dun 26% o recibo do usuario medio nos últimos 30 meses. O pasado mes de xaneiro a suba representou incrementos do 2,6 % nos prezos do kW de potencia contratada e de kW consumido. Segundo datos de Eurostat, desde o ano 2004, a electricidade subíu un 50,2 %, o que sitúa a España, no ranking dos prezos máis elevados da UE superando a media.

O que o Ministerio de Industria ven de propoñer á Comisión Nacional de Enerxía (CNE), é un aumento do 10 % nas peaxes de acceso, o que inevitablemente se traducirá nun

incremento similar no termo da potencia, o que suporá un novo golpe á debilitada economía dos fogares.

Esta suba, prodúcese nun momento nefasto, en plena crise económica e co aumento do IVE do 16 ao 18 % no próximo mes, o que evidencia que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, antepón os intereses das eléctricas fronte aos dos consumidores. Se ben as grandes industrias consumidoras do fluido, non padecerán as graves repercusións desta suba, os fogares, e as pequenas e medianas empresas, traballadores autónomos e comerciantes, soportarán nas súas carnes os perniciosos efectos desta suba. É dicir, as empresas de menores dimensións, que representan máis do 85% da estrutura empresarial galega, e as familias, son as que sufrirán de maneira particular o incremento dos custos da enerxía.

Na nosa comunidade, hai máis dun millón e medio de consumidores domésticos, dos cales 1.250.000 estarían ligados á tarifa de último recurso (TUR), o que significa que padecerían un incremento nos recibos, de polo menos o 4 %, ao que compre engadir a suba do IVE en 2 puntos.

Na práctica, e por término medio, pódese dicir que o incremento anual será da orde de 45 € para unha familia media galega, o que reflicteás claras, que o recibo da luz ten un comportamento alcista inxustificable e fora do razoable.

Por todo isto, o grupo municipal popular no concello de Boqueixón. somete á consideración do pleno da corporación a aprobación dos seguintes acordos:

- PRIMEIRO : Instar ao goberno do estado a que en consideración ao contemplado na parte expositiva desta moción, non se proceda a subir a tarifa da factura eléctrica en España, do xeito que ven sendo anunciado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- SEGUNDO : Que se dea traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, os portavoces parlamentarios nas Cortes, o Presidente da Xunta e o Parlamento de Galicia

O sr. Viaño pide que se retire porque a nivel nacional quedou cancelada .

O sr. Sanjuás di que sendo así, retírase esta moción e se todo queda en nada, volverase a presentar.

9.Moción do grupo popular relativo ós salarios de cargos electos e altos cargos.

O grupo municipal popular , ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais presenta ante o pleno da corporación municipal esta moción, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As graves dificultades económicas e de paro que vive o noso país e o desmesurado déficit público, obrigan a adoptar medidas extraordinarias e solucións coordinadas. Cómpre implementar, con urxencia, medidas necesarias e coherentes para afrontar a maior crise do último medio século, e procurar acadar a redución do déficit público. Calqueira plan estaría incompleto de non ir acompañado de actitudes tendentes a paliar os prexudiciais efectos da crise.

É nese marco, que o PPdeG, liderando as iniciativas e as medidas de austeridade contra a crise, impulsa a redución das retribucións salariais dos cargos electos locais e altos cargos dos gobernos locais, mediante a aplicación de criterios e escalas individuais e progresivos, de acordo coa seguinte táboa, que é froito do acordo acadado pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), na Comisión Executiva do 24 de maio :

SALARIO TOTAL	REDUCCIÓN
Entre 81.155 e 91.982 € o superior	15%
Entre 73.682 e 81.155 €	10 %
Entre 64.606 e 73.682 €	9%
Entre 54.615 e 64.606 €	8%
Entre 54.615 e 41.055 €	7%
Entre 41.055 e 27.495 €	6%
Entre 27.495 e 13.935 €	5%
Entre 13.935 e 11.827 €	4.50%
Entre 11.827 e 10.264 €	2.70%
Entre 10.264 e 7.209 €	2 %
Entre 7.209 e 6.581 €	0.25 %

Esta medida de redución das retribucións, aplicarase a salarios de alcaldes/esas, concelleiros/as e altos cargos dos gobernos locais, tomando como base a contía efectivamente percibida.

Por todo isto, o grupo municipal popular no concello de Boqueixón somete á consideración do pleno da corporación a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO : Que o Pleno do Concello de Boqueixón, e tras os trámites pertinentes, acorde a aplicación das porcentaxes de redución das retribucións salariais do alcalde/esa, concelleiros/ as e altos cargos, de xeito progresivo e individual, segundo a táboa que consta na parte expositiva desta moción.

SEGUNDO : Que se dea traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, os portavoces parlamentarios nas Cortes, o Presidente da Xunta e o Parlamento de Galicia.

Cos votos a favor de todos os concelleiros presentes na sesión apróbase esta moción.

10. Información alcaldía.

Dase conta dos Decretos desde o día 10/05/2010 ata o día 5/07/2010.

11. Rogos e preguntas.

O sr. Viaño fai os seguintes Rogos e preguntas :

ROGOS:

1) Beirarrúas en Ponte Ledesma: Rogo se arranxen, xa o solicitamos noutro Pleno e sen embargo seguen moi deterioradas.

Responde o sr. Sanjuás que no próximo mes farase un seguimento das beirarrúas para proceder cos arranxos

2) Os veciños solicitaron que se faga a beirarrúa entre o edificio de electrodomésticos Barcala e o restaurante “O Sacho”. Rogo que se executen.

O sr. Sanjuás di que no futuro executaranse cando o permitan as disponibilidades presupostarias.

PREGUNTAS :

1) Mediante Decreto do 1 de xullo deste ano contratáronse a 3 peóns forestais, que realmente xa veñen prestando os seus servizos no concello.

Qué proceso se seguiu para a súa contratación ?

Fíxose convocatoria pública ? Porque no libro de Decretos no vin as bases.

Responde o sr. Sanjuás que non recorda e que lle contestará por escrito.

2) En canto á depuradora de Sergude. Adoptouse algunha medida con respecto á empresa que executou as obras ? porque se está requirindo o arranxo a Espina y Delfín.

Responde o sr. Sanjuás, que se falou coa empresa e vaise proceder co selado dos pozos e en canto á depuradora, este tema corresponde a Espina y Delfín.

3) Qué está sucedendo co transporte metropolitano ? porque o sr. alcalde na época do bipartito , sempre dicía que a culpa non era nosa e que o levaría ás reunións para que o comprobara.

O sr. Sanjuás di que na última reunión, todos os concellos tiñan os acordos adoptados menos Santiago de Compostela que se baseaba en que ao non ter o presuposto aprobado non o podían facer, porque eles teñen que facer unha inversión na compra dos aparatos intercambiadores. Logo teñen que aprobar o presuposto e logo contratar estes aparatos, co cal posiblemente ata o 2011 non haxa transporte metropolitano.

4) Recentemente executáronse con cargo ó plan estatal para obras do concello, a reposición de luminarias en todo o concello.

Qué se fai coas luminarias que se retiran ? porque se retirou moito material e ademais algún en bastante boas condicións.

O sr. Sanjuás di que este material a empresa gardao e se nalgún momento fai falta, o concello solicítallelo para a súa utilización, pois este material segue pertencendo ó concello de Boqueixón.

5) Recentemente varias persoas do concello viaxaron a Arxentina, tal como se indica no escrito por unha viaxe institucional Qué obxectivos tiña a viaxe ?

O sr. Sanjuás di que ese foi un erro seu porque non leu o papel. Sen embargo a súa viaxe pagouna el.

6) Nun pleno recente presentamos unha moción pedindo o arranxo da estrada de Aríns e o sr. Gacio díxo que se iba asfaltar, e a esta data non está arranxada.

En qué situación está a estrada de Aríns e tamén a de Rodiño?

O sr. Sanjuás responde que en canto a de Rodiño, está previsto o pago das expropiacións, polo que suponse que se arranxará pronto. En canto á de Aríns, de momento non sabemos nada.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente en funcións remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e pr.

A secretaria

O Presidente en funcións